

RESULTADOS DA 5ª CONVOCATORIA DE PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE.



Con esta convocatoria a Consellería de Traballo e Benestar reafirmase no seu propósito de fomentar a calidade e a integración da formación profesional para o emprego, polo que as competencias clave se propoñen como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes que proporcionan melloras no perfil profesional das persoas, que perseguen motivar para progresar no mundo do emprego e na formación e que serven así para a realización de desenvolvemento profesional e persoal.

Estas probas dirixense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Deste xeito e unha vez acadado o nivel de aptitude se lles permite cursar esta formación que está xestionada e subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar co fin de acadar a expedición dun certificado de profesionalidade con carácter oficial e alcance estatal.

Nas seguintes táboas amósanse os resultados por niveis e competencias clave, vese como as probas máis demandadas corresponden a lingua galega, castelá e matemáticas. A porcentaxe de aprobados é moi elevada nas áreas das linguas, situándose en torno a 80%; non ocorre o mesmo en canto ás matemáticas situándose nun 62,40%. Tamén se amosa moita diferenza en canto ao número de persoas que optan ás probas de nivel dous con respecto a aquelas que acoden ás probas de nivel tres.

NIVEL 2	PRESENTADOS	APROBADOS	%APROBADOS
LINGUA CASTELÁ	1.219	1.040	85,32
LINGUA GALEGA	1.224	1.030	84,15
MATEMÁTICAS	1.282	800	62,40
LINGUA INGLESA	461	232	50,33
CIENCIA	415	174	41,93
TECNOLOXÍA	450	337	74,89
DIXITAL	434	371	85,48
TOTAIS	5.485	3.984	72,63

NIVEL 3	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
LINGUA CASTELÁ	192	138	71,88
LINGUA GALEGA	272	200	73,53
MATEMÁTICAS	192	131	68,23
LINGUA INGLESA	151	52	34,44
CIENCIA	127	95	74,80
TECNOLOXÍA	136	97	71,32
DIXITAL	142	58	40,85
TOTAIS	1.212	771	63,61

Mellora das consultas de notas na páxina da Consellería de Traballo e Benestar. Dende agora pódese consultar o histórico das distintas convocatorias das Competencias Clave. Introducindo o número do D.N.I. do interesado poderase acceder ás distintas convocatorias.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

RECOÑEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS



A falla dunha acreditación da cualificación real, a través dun título ou dun certificado con carácter oficial, que as persoas poidan facer valer ante os empresarios ou ante a administración, supón moitas veces unha importante barreira, tanto a nivel persoal como profesional, para atopar un traballo, para progresar na empresa ou para acceder e avanzar cara ao mundo da formación “oficial”.

A necesidade de acreditación da competencia profesional faise especialmente patente nalgúns sectores, como é o caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes, que por normativa establece a necesidade de posuír unha determinada formación ou unha acreditación da súa competencia profesional no ano 2015.

Coa intención de dar resposta á importante e crecente demanda social, esta consellería publicou a través da Resolución do 17 de marzo de 2011 (DOG nº 61 do 28 de marzo de 2011), o proceso de recoñecemento da competencia profesional para a acreditación das cualificacións de atención sociosanitaria a persoas no domicilio e no ámbito das institucións sociais.

Nesta primeira convocatoria presentáronse un total de 5.810 solicitudes, que por exceder do número de prazas ofertadas implicou levar a cabo un proceso de baremación de todas as solicitudes recibidas; sendo ao final o número de candidatos admitidos ao procedemento un total de 522 na cualificación profesional de “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio” e de 334 na cualificación de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”.

RESULTADOS DAS FASES DE ASESORAMENTO, AVALIACIÓN E ACREDITACIÓN

ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES NO DOMICILIO

ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL		A CORUÑA	OURENSE- LUGO	PONTEVEDRA	TOTAL
AVALIADOS	129	131	124	124	508	AVALIADOS	115	110	100	325
ACREDITACIÓN PARCIAL	0	6	9	8	23	ACREDITACIÓN PARCIAL	10	8	9	27
ACREDITACIÓN TOTAL	129	125	114	115	483	ACREDITACIÓN TOTAL	102	97	85	284
% UCs Acreditadas totalmente	100,00%	95,42%	91,94%	92,74%	95,08%	% UCs Acreditadas totalmente	88,70%	88,18%	85,00%	87,38%

PUBLICACIONES

As persoas con discapacidade no mercado laboral galego 2011

Seguindo coa colección de informes que afondan nos diferentes colectivos de interese para o mercado de traballo, este estudo monográfico analiza a evolución recente no ámbito laboral das persoas con discapacidade. Este informe pretende ser unha aproximación en tempo real á realidade das persoas discapacitadas no mundo laboral.



XUNTA DE GALICIA

As persoas con discapacidade conforman un grupo moi heteroxéneo, con casuísticas e problemáticas moi diferentes segundo o tipo de discapacidade, pero todas elas teñen algo en común: adoitan necesitar axudas e apoios para participar en todos os ámbitos da vida en igualdade de condicións que o resto da poboación. Por este motivo, e máis se cabe en épocas de dificultades para o acceso ao mercado de traballo, os poderes públicos intensifican a planificación de actuacións a favor de colectivos como os discapacitados, a priori máis expostos á precarización do emprego co obxecto de xerar condicións efectivas de non discriminación e integración

Para acceder á publicación:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/persoas_discapacidade_gl.pdf

O mercado laboral no sector do turismo e a hostalaría en Galicia 2011

Esta publicación analiza a situación e a evolución recente no ámbito laboral dos traballadores e traballadoras empregados no sector do turismo e a hostalaría en Galicia. No actual contexto económico nacional e internacional de crise, a evolución do comportamento do sector turístico evidenciou nos últimos anos unha perda de intensidade no seu crecemento. Nos anos 2008 e 2009 produciuse unha importante contracción da demanda turística; non obstante, o ano 2010 apuntou a unha recuperación, da que se poden sinalar como factores de incidencia a volta ao crecemento do sector no conxunto do ámbito estatal ou ao chamado “efecto Xacobeo” que puido supor o Ano Santo compostelán como foco de atracción do turismo cara á nosa comunidade.



XUNTA DE GALICIA

Para acceder á publicación:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/turismo_gl.pdf

Para ampliar a información contida neste informe ou outra relevante do mercado laboral galego, pódense consultar as aplicacións web da Consellería de Traballo e Benestar postas á disposición do usuario no seguinte enderezo:

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Normativa autonómica destacada:

Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 73, do 17.04.2012).

Resolución do 15 de febreiro de 2012 pola que se publican os modelos de solicitude de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles. (DOG nº 39, do 24.02.2012).

Resolución do 15 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. (DOG nº 59, do 26.03.2012).

Resolución do 17 de abril de 2012 pola que se habilitan asesores e avaliadores no marco do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. (DOG nº 82, do 30.04.2012).

Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44, do 02.03.2012).

Orde do 15 de marzo de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 (DOG nº 61, do 28.03.2012).

Orde do 28 de marzo de 2012 pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2012 (DOG nº 69, do 11.04.2012).

Orde do 9 de abril de 2012 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2012 (DOG nº 76, do 20.04.2012).

Normativa estatal de interese:

Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44, do 02.03.2012).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira (BOE nº 103, do 30.04.2012).

Real Decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral (BOE nº 36, do 11.02.2012 e corrección de erros no BOE nº 42, do 18.02.2012).

Resolución de 30 de marzo de 2012, do Servizo Público de Empleo Estatal, pola que se publica o Catálogo de ocupacións de difícil cobertura para o segundo trimestre de 2012. (BOE nº 95, do 20.04.2012).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballoebenestar.xunta.es/>
Para acceder directamente á área de traballo: <http://traballo.xunta.es>